

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 8 DE NOVEMBRO DE 2007.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido. (ausentase da sesión no momento que se expresa na presenta acta).
D. Edgar Antonio Vigo López.
(ausentase da sesión no momento que se expresa na acta).
D^a Inés Roca Requeijo. (ausentase da sesión no momento que se expresa na acta).
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín.
(ausentase da sesión no momento que se expresa na acta).
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e dous minutos do día oito de novembro de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na acta), Don Edgar Antonio Vigo López, D^a Inés Roca Requeijo (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Manuel Vicente Pico Sanmartín (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA EN DATA 4 DE OUTUBRO DE 2007.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou

observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 4 de Outubro de 2007, previamente remitida coa convocatoria, e non formulándose ningunha, pola presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declarase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 4 de outubro de 2007.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL EVENTUAL DE DONA RUT OJEA REYES PARA DESEMPEÑAR O POSTO DE RESPONSABLE DE COMUNICACIÓN.-

Seguidamente, dáse conta do nomeamento como persoal eventual de Dona Rut Ojea Reyes para desempeñar o posto de responsable de comunicación efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 869 de data 22 de Outubro de 2007.

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que quere facer unha intervención que será tamén para o seguinte punto sobre o persoal eventual. Di que en primeiro lugar queren saber por qué na documentación que se puxo a disposición dos Concelleiros consta informe de intervención onde di que hai partida orzamentaria para facer fronte a esa contratación pero en cambio constaba no informe do mes de xullo cando se aprobaron estes postos que non había daquela partida orzamentaria para cubrir eses gastos, polo que non teñen claro de onde sae agora esa partida orzamentaria, xa que non consta concretamente no que se deixou de utilizar eses cartos para agora podelos habilitar ao pago dos salarios deste persoal de confianza. Continúa dicindo que por outro lado quere poñer de manifesto que eles se opuxeron no seu momento a que se crearan estes postos porque cren que é un gasto excesivo para o Concello e que tal e como se lles ven a confirmar agora, podería obviarse e que non se mal interpreten as súas palabras no senso de que non se están a referir nin á capacidade profesional de quen se está a contratar, nin ás persoas ás que se están referindo esas contratacións, simplemente crían que xa unha vez de ter que ser esa contratación, porque así se aprobou no mes de xullo, crían que sería a contratación dalgunhas persoas que puideran contribuír a sacar adiante determinadas áreas do Concello que, ao mellor, consideran que están faltas de apoio; que nese senso crían que se daría un apoio á área de urbanismo, de persoal, de obras, experto en saneamento financeiro, para atender a unha posible central de compras, é dicir, algo que de verdade revertera na actividade do Concello, e o que están vendo é que con estas dúas contratacións o único que estase a facer é incrementar os gastos unicamente para ter un responsable de prensa e para mandar as notas de prensa e por outro lado papelexo, ou sexa, un auxiliar administrativo que, ao fin e ao cabo, vai dar apoio ao goberno pero non saben en qué senso, porque auxiliares administrativos no Concello cren que hai. Remata a súa intervención dicindo que quere manifestar a súa decepción porque con estas contratacións non se cubriran unha serie de necesidades que, ao mellor, si puideran existir e non se lle dea apoio precisamente a esas áreas do Concello.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que quedou ben claro no pleno do mes de xullo que eles se opoñían totalmente a estas contratacións; que non lle vían nin lles ven motivo suficiente algún, e quere que quede ben claro que non teñen nada cos traballadores, pero, como naquel momento dixeron e repiten, isto é tirar diñeiro dos veciños ao río; di que naquel momento xa dixo que se na lexislación pasada había sete concelleiros e agora hai doce, os da lexislatura pasada levaron as funcións que había dunha forma bastante aceptable, e neste momento, con doce que son, o teñen que levar moitísimo mellor; que estase a falar de que é un aumento dun 66% das capacidades de persoal, e que se a isto se une outra vez cando na lexislatura pasada falouse ou solicitouse unha persoa de apoio ao Alcalde e o que naquel momento se dixo polos tres

grupos da oposición PSOE, PP e EU que non era suficiente, e se repetiu e seguen opinando igual que naquel momento, que si se necesitaba unha persoa, que había persoas no Concello que tiñan capacidade suficiente, pois están no mesmo; di que ven que os gastos que ocasiona son disparatados e non van en ningunha liña do que os programas de tódolos partidos políticos levaban, xa que falaban de reducir gastos, e aquí ven que esta serie de medidas significan vintedous millóns trescentas mil pesetas a maiores, ven que tirando por baixo respecto á lexislatura anterior, non vai significar ningunha axuda ou beneficio para os veciños de Fene; que isto se pode chamar ou vai servir para un apoio dos partidos que están no goberno, chámense comisarios políticos, ou como se queiran chamar; que isto significa un imposto revolucionario máis, que son máis de mil cincocentas pesetas ao ano por veciño; que si se botan números, na lexislatura pasada había unha persoa soa con dedicación exclusiva, que era o Alcalde, e nesta lexislatura hai dúas, o Alcalde e unha concelleira, o que podían admitir, pero se a isto unen as sete persoas que había antes e que agora pasan a once, como ben dicía se multiplica por un 66%, e a estas dúas persoas, que próximamente será a terceira que foi o que no seu momento aprobaron, pois se vai a esas cantidades das que fala, e que as persoas de especial confianza custan oitenta mil e pico euros, e que desde EU cren e pensan que ese diñeiro estaba moito mellor gastado en camiños, alumeados, auga, ou calquera outra cousa; que as dedicacións exclusivas aumentan trinta e sete mil e pico euros, e o aumento de sete a once aumenta un dous con oito millóns de pesetas, polo que, os motivos que acaba de explicar cre que son suficientes para opoñerse a isto.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que non coñecen nin no BNG nin cre que ningún dos presentes, ningunha organización política que se prece, que xestione unha administración, calquera que sexa e sobre todo unha administración cun Concello como o de Fene de en torno a quince mil habitantes, de en torno aos dez millóns de euros de orzamento, que non teña persoal de confianza, eventual, que entra a proposta da Alcaldía e é cesado cando cesa o Alcalde ou cando así o estime oportuno.; di que non estase a consolidar ningún posto de traballo por atrás, senón que estase a facer unha cousa clara e nítida e, de feito, estase a dar conta neste pleno, e de feito Esquerda Unida en Ferrol ten persoal de gabinete e parécelle ben; que cre que calquera organización política das que están aquí presentes teñen persoal de confianza, eventual, de gabinete, etc. en calquera das administracións nas que están; que na administración local desde oito, dez, quince mil habitantes non coñece ningún concello, coñecía a Fene, pero practicamente non existía ningún Concello que non teña ningunha persoa de confianza. Continúa dicindo que no caso do Concello de Fene, onde hai un acordo de goberno ambicioso asinado entre o PSOE e o BNG, dentro dese acordo efectivamente se reflectían as dedicacións exclusivas de dúas persoas, unha do BNG e outra do PSOE e se reflectía tamén a necesidade de ter tres persoas eventuais ao servizo dos grupos, pero ao servizo do goberno, non ao servizo dos grupos políticos porque teñen que ser persoas que faciliten e axilicen todo tipo de xestións, comunicacións e tarefas que non son atribuíbles en ningún caso ao persoal funcionario ou laboral do Concello; que efectivamente eles entenden que pode haber eivas nalgún departamento pero que tamén entenden que de cara ao orzamento do ano que ven terá que dotarse, como se fixo sempre vendo as necesidades de cada área e de cada departamento, e efectivamente sacar adiante os departamentos que máis necesiten persoal. Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín e di que xa dixo no pleno de xullo e o repite neste momento e o reitera, entende que si son pezas necesarias, que Fene desde hai moitos anos non tiña un goberno como é neste caso, de coalición, e é máis necesario aínda ter elementos de coordinación e que cren que estas persoas ademáis van exercer un traballo de coordinación entre as distintas áreas do goberno, e iso está pensado para que os servizos que presta o Concello teñan a maior calidade posible e que se non é así van ser os propios veciños e veciñas de Fene os/as que decidan o contrario.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que tratarán de non repetir un debate que xa se deu no seu momento, e que quere empezar por unha cuestión que lle parece de libro, que a xente que se incorpora a traballar nun Concello pode ser de moitas maneiras, persoal de confianza, se se quere no debate político se lle pode chamar calquera cousa pero comisarios políticos non, e di que pediríalle ao Sr. Sánchez Martínez que estas manifestacións as retirara, porque estas persoas non veñen a vixiar a ninguén, non veñen a exercer unha labor de control político sobre os cidadáns, senón que veñen a apoiar o traballo do goberno. Continúa o Sr. Noceda Carballo dicindo que tratando de respostar ao Sr. Galego Feal sobre as preguntas que facía, por unha parte de onde saían os cartos, entre outros sitios como ben saben, o Concello ten a oferta pública de varios anos que está sen convocar e esas prazas están dotadas orzamentariamente, que os orzamentos hai que reservalos aínda que as prazas aínda non entren; que de feito agora prodúcese unha convocatoria xa por fin do ano 2005 e o que vai pasando con este persoal é que a medida que van pasando os meses se libera orzamento e na partida de persoal a medida que vai rematando o ano vai quedando orzamento dispoñible; que en todo caso agora están convocadas e non se van cubrir nin neste nin no mes que ven, co cal ese crédito queda dispoñible. Di que a labor destas persoas axudará entre outras moitas funcións a que, por exemplo, o cambio de contrato da empresa de lacería que se realizou nos últimos días supuxo un aforro anual para o Concello de vinte e cinco mil euros, contando que se substituíu por unha empresa que presta exactamente o mesmo servizo, maior profesionalidade, mellor dotación e mellor trato aos animais, polo que, estas persoas si que son importantes, entre outras cousas, para aforrarlle cartos ao Concello, e queen calquera caso queren deixar sentado que de todos eses cartos que se di, soamente cunha xestión, dun plumazo o goberno xa financia máis do trinta por cento do custo total dos traballadores que se incorporan. Continúa dicindo que en canto ás funcións, cren que dentro da crítica política tamén hai cabida absolutamente para o que se queira, pero si entenden que ter un responsable de comunicación que lle de un sentido e unha orientación correcta aos diferentes medios informativos e de comunicación que ten o Concello, como son a páxina web, a radio, que ao final tamén favoreza unha relación de información máis fluída cos cidadáns e mantelos máis correctamente informados de todo o que vai acontecendo no Concello, dicir que é un investimento que non serve para nada, é unha opinión que teñen que respectar pero que dificilmente comparten, porque se hai algo importante na acción do goberno, a parte de facer cousas polos cidadáns, é tamén manter correctamente informada a toda a cidadanía do que estase a facer, de como estase a facer e para qué estase a facer as cousas, polo que consideran que esa si é unha labor fundamental. Continúa dicindo que por outra parte, na acción de goberno, e cada vez máis, os políticos dificilmente poden ser políticos profesionais porque cada un ten as súas dedicacións, como sinalou xa no anterior pleno no que se tratou este tema, porque os tempos en que Astano financiaba ao Concello de Fene, porque permitía que os seus traballadores estiveran aquí de Concelleiros sen ningún custo, evidentemente van pasando, e cada persoa ten a súa dedicación profesional á que ten que atender e hai capacidade de dirección e de acción política pero se necesitan as ferramentas, os instrumentos para que iso se traduza na práctica para que se realicen as xestións que posibiliten cambios de cara á mellora da calidade de vida dos cidadáns e isto é o que van facer básicamente estas tres persoas que se incorporan, e que como se explicou no anterior pleno, pregan que se manteña seriedade porque estas tres persoas se incorporan coa categoría de auxiliares administrativos pero xa dixeron que as súas funcións serían de xestión política e se incorporan nunhas categorías máis baixas precisamente para que non supoñan un aumento de custe excesivo para o Concello de Fene. Di que insiste nun argumento que recalca o voceiro do BNG, que é que hoxe en día as persoas que xestionan as administracións recorren sempre a persoal de confianza para complementar as súas xestións, e que hai dúas vías para recorrer, unha clara, transparente, dicíndolle á cidadanía claramente que é o que se quere facer que é o que están a facer agora, con persoal que é temporal, que está vinculado ao goberno, que cesa no momento en que cesa o goberno, ou a

segunda, a que se fai noutros sitios, pola porta de atrás, amañar contratacións de persoal pola porta de atrás facendo contratos de servizos para poñer a dedo á xente, con consecuencias logo gravosas para a administración, porque inmediatamente que cesa a relación que as deu lugar, iso de facto supón a creación dunha relación laboral que logo os tribunais recoñecen e por tanto eses traballadores hai que incorporalos; di que quere lembrar nese senso soamente o que pasou co traspaso de goberno na Xunta de Galicia onde centos de traballadores contratados por esas portas de atrás, a través de empresas, con contratos de servizos que encubrían relacións laborais, cando chegou o cambio de goberno e cando se cesaron os contratos a esas empresas os traballadores en masa vanse aos tribunais e todos lle recoñecen vinculación laboral coa Xunta de Galicia que os ten que asumir ata que se convoquen as oposicións, polo que aquí o que estase a facer é o máis transparente e o máis claro, e o fan dunha forma clara, transparente e de xeito que non se hipoteque a futuras corporacións, porque estas persoas cesarán con este goberno e á vez poñéndose exemplos claros de qué tipo de traballos van facer e de qué tipos de aforros estanse a realizar dentro do goberno e que están convencidos de que o custe deste goberno con todo seguirá sendo inferior ao goberno anterior; Di que quere subliñar un dato para que non se lles mida con diferentes varas segundo estén en Fene ou noutro sitio; que puxo un exemplo da Xunta de Galicia cunha administración dun partido que hoxe lexitimamente pide aquí explicacións, pero dun partido que, a parte dos asesores, tivo contratadas inxente cantidade de persoal de confianza a través de empresas de servizos, e pide que a vara de medir sexa a mesma cara a eles que cara á súa propia organización porque se os datos que lle deron non son incorrectos, EU en Ferrol ten máis persoal de confianza que concelleiros, e este goberno ten bastante menos persoal de confianza que concelleiros.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que se sacan aquí cousas que non veñen ao caso; que se do que se está a falar é da contratación de dúas persoas, neste caso de persoal de confianza no Concello de Fene, o resto que sae por aí e se acaba de dicir non ven ao caso para nada porque se efectivamente existen esas contratacións o grupo político debe denunciálo, porque se eles estiveran no seu lugar o farían, e que xa que se van de Fene, ten que dicir que a oficina económica do goberno ten máis de cen persoas de confianza traballando; que iso nunca se veu na vida; que asumen ata certo punto determinadas cousas, pero que se lles diga que cun responsable de comunicación e cun auxiliar administrativo vanse amañar os grandes males que ten este Concello non o poden asumir, nin que se lles diga que gracias a esas xestións se aforra nun contrato de lacería vinte e cinco mil euros, pois para iso está o grupo de goberno e que non cre que sexa unha xestión dos novos cargos que entran a asesorar ao goberno; di que non van insistir máis, pero si insisten en que precisamente nesta lexislatura que se iniciou, os bipartitos levaron unha grande cantidade de cargos de confianza aos Concellos; que non quere poñerse a ler os salarios de Ferrol, e que sería moito máis asumible que se fixeran unhas dedicacións parciais ou exclusivas para tantos concelleiros que están agora mesmo no grupo de goberno máis que os postos eventuais de confianza, o que, ao mellor sería máis efectivo.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que non retira o que manifestou con anterioridade porque pensa as palabras cando as di, senón podería dicir o que di o pobo e como o que di o pobo, ao menos coa xente que se move, non vai repetir esa palabra pero que para él non é ningunha deshonra dicir que unha persoa é comisario e que se alguén se sente ofendido é o seu problema. Continúa dicindo que aquí se fala da Xunta de Galicia pero que si se votan números aquí en Fene, con tres persoas de confianza, sae unha por cada cinco mil persoas; que indubidablemente que o que os seus compañeiros fan noutras partes non o comparte pero pensa no que é este concello comparado con Ferrol, que ten cinco e pico veces máis que Fene, se aquí vai haber tres persoas de confianza na mesma proporción en Ferrol tería que haber case dezaioito; que

se fan unha serie de cousas que non lle entran na cabeza, que se os concelleiros que veñen necesitan diso é que eles non serven e o pobo non ten culpa de que eles sexan unha banda de incapaces e se inclúe entre eles, e que hai cousas que non se poden xustificar en ningunha parte; di que volve a repetir que esas persoas están ao servizo do grupo de goberno e que non se engane ao pobo e que se os queren ter así, que os paguen cos partidos determinados.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que lle ten que dicir ao Sr. Sánchez Martínez que no programa electoral do BNG si viña que contratarían persoal de gabinete, de confianza, eventual, e si o incluían porque eran conscientes de que o veciño ou veciña, cando veña ao Concello e queira falar co Alcalde ou cun concelleiro, esa persoa ten que ser atendida e que o que tiñan claro é que o que non podía ser é que aos concelleiros ou ao alcalde o colleran polos pasiños, baixando as escaleiras ou subíndoas, que a iso había que darlle certo orde porque estaba a ser un problema que lles desbordaba; que agora máis co grupo municipal que teñen actualmente no BNG, xa que afortunadamente son persoas que a maioría non poden coller unha media dedicación ou unha dedicación completa porque perderían o posto de traballo e non o poden facer; que lle gustaría dedicarse en corpo e alma a Fene pero non pode, polo que ten que dedicarse na parte que lle rouba a outras cousas, ao seu tempo propio, á familia e algo ao seu traballo, ao igual que a meirande parte dos compañeiros e compañeiras, e que no Partido Socialista pasa algo parecido. Di que nese sentido eran conscientes, pola experiencia de anos de goberno, que era necesario ter algunha persoa de referencia que estivera a disposición de calquera veciño que queira falar con calquera concelleiro, e este persoal de confianza, que non o ten que facer ningún funcionario, tómallo os datos e teléfono e chama a esa persoa para darlle cita, e eles entendían que iso era unha función fundamental, e esa foi a razón fundamental de que levaran iso no programa. Continúa o Sr. Polo Gundín dicindo que hai outras facetas de xestión con outras administracións, de concreción de xuntanzas, de preparar reunións, que efectivamente unha persoa que esté dedicada a iso facilítalle moito o traballo aos concelleiros que sexan profesionais da política, aos que non teñan unha dedicación exclusiva ou parcial; que esa é a realidade que teñen actualmente no concello e se remite a unha cuestión, que aquí estase a dicir por activa e por pasiva que iso non vai valer para nada, pero agarda todo o contrario, que iso si valga e sirva aos veciños para estar perfectamente atendidos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, dílle ao Sr. Sánchez Martínez que en ningún momento quería provocar unha reacción tal alporizada; que está convencido de que a reacción do momento sexa bastante máis exacerbada do que serenamente poidan debater sobre estes temas, que en calquera caso quere dar un dato concreto en canto a custos e aforro de gastos; que o goberno desde que iniciou o seu traballo, empezou con accións de contención de gasto, de ordenamento de autorización do gasto que teñen repercutido nunha minoración e unha optimización das inversións aínda nun grado que cren moi mellorable, e ten realizado algunhas accións, unha que xa dixo antes e outra que recentemente xestionou o Alcalde nunha visita a Madrid; que soamente coa xestión dese contrato de lacería o aforro que vai supoñer iso para os veciños é de vinte e cinco mil euros, máis a xestión ante Sepes, que supuxo que os terreos para o punto limpo saíran a metade de prezo para o Concello supón unha contía superior aos oitenta e cinco mil euros, dabondo para financiar as tres contratacións; que coas poucas xestións que se fixeron cre que o gasto xa está amortizado e que agora lles queda un ano para traballar e cre que éxitos seguiranse a conseguir; que os datos ata agora son poucos pero os que dan estanse a traducir en que o traballo é necesario, para os cidadáns, para mellorar a comunicación e tamén para mellorar a comunicación do goberno coa cidadanía, para mellorar as xestións, e que con respecto ao financiamento, cun par de xestións ben feitas se aforra o suficiente para financiar estes servizos e virán mais cousas, o aforro que se fai nos gastos de

gobierno soamente co novo ordenamento de facturación das dietas que se aprobou hai pouco tempo e que virá a supoñer que soamente se pagarán efectivamente aqueles gastos que se realicen; que en definitiva o goberno con estas medidas non está incrementando o gasto, está racionalizando o gasto que se facía no mantemento do goberno e reorientandoo cara a investimentos, neste caso en persoal, en coordinación e en información cara á cidadanía dos gastos que xa se viñan facendo; que soamente a racionalización dos recursos que xa había para o mantemento do goberno financian os investimentos que se están a facer, e que o goberno aposta por gastar de diferente xeito, de xeito máis eficiente, non por gastar máis e por gravar máis xa aos cidadáns de Fene.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que como membro do anterior goberno ten que discrepar firmemente co voceiro do Partido socialista porque poden estar de acordo en que o contrato de lacería sexa un aforro; que habería que ver o contrato anterior a este como está, pero que non poden estar de acordo co tema do punto limpo, xa que algo que o goberno anterior tiña conseguido era o prezo do cincuenta por cento do prezo da parcela, e que moito menos vai estar de acordo co tema das dietas, xa que o goberno anterior gastaba unhas dietas moi clariñas que estaban aprobadas en pleno e que en ningún momento ningún concelleiro, nin do grupo municipal nin da oposición estragou unha soa peseta por enriba desas dietas, e que quere que quede moi claro aquí, porque hai público escoitando e quere que o saiban; di que non sabe se o novo sistema aprobado é mellor ou peor, e que o goberno anterior, cando viaxaba a calquera sitio, antes de saír sabía os cartos que levaba e o que podía gastar e non se podía pasar baixo ningún concepto, porque nas dietas de agora pódese falar longo e tendido delas, se son mellores ou peores, e que se hai algo por aí que se queira dicir, que se diga e se nón que se cale; que se alguén ten algunha dúbida sobre os gastos do goberno anterior, sinte ter que intervir aquí pero reta a que o demostre.

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde e manifesta que en relación ás xestións que se están a desenvolver nesta etapa de goberno, moitas son novas, e outras, como pasa en tódalas corporacións municipais, son finalización de xestións xa iniciadas, pero como se fixo unha alusión á parcela do punto limpo, é certo que houbo unha xestión realizada na etapa anterior pero non é menos certo que esa xestión resolveuse satisfactoriamente para o Concello logo dunha visita a Madrid a semana pasada do concelleiro de promoción económica e a súa como Alcalde, que foi cando o Sepes aceptou a redución do cincuenta por cento, e cando aceptou escriturar a parcela a nome do Concello de Fene; que antes non estaba feito, estaba iniciado pero non conseguido, polo que non é unha loita de méritos, pero ao César o que é do César; que unha corporación iniciou o proceso e outra o culminou. Continúa dicindo que cre que aos veciños o que lles interesa é que estea culminado, non se o fixo unha corporación ou outra e que tamén quere lembrar ao Sr. Sánchez Martínez desde o profundo afecto que lle profesa, que él tamén vai coa cabeza moi alta diante dos seus veciños e veciñas e dos cidadáns de Fene; que formou parte das corporacións anteriores e como xa dixo algunha outra vez, cre que a súa postura e a do grupo socialista é absolutamente coherente co que sempre viñeron defendendo nesta Corporación municipal; que defendeuse sempre a contención do gasto e que a política que están a facer nos primeiros meses de goberno é de absoluta contención do gasto, froito do cal hai soamente dúas dedicacións exclusivas, o salario do alcalde e dos demais membros da corporación conxelouse e non se subiu nin un euro, e di que a única vocación que lles move é unha vocación de mellorar o traballo e os servizos que se lle prestan aos veciños e veciñas de Fene e en todo caso hai catro anos por diante e ao final desta lexislatura saberase valorar se ise traballo foi ou non positivo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL EVENTUAL DE DON HECTOR SECO CASTRO PARA DESEMPEÑAR O POSTO DE AUXILIAR DE APOIO AO GOBERNO MUNICIPAL.

Dáse conta do nomeamento como persoal eventual de Don Héctor Seco Castro para desempeñar o posto de auxiliar de apoio ao goberno municipal, efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 882 de data 31 de Outubro de 2007.

4º.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO REMITIDO POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA EN RELACIÓN A ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO EN SESIÓN DE DATA 2 DE AGOSTO DE 2007 RELATIVO AO SERVIZO DE INSPECCIÓN EDUCATIVA NAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL.-

Dáse conta do escrito remitido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de data 10 de Outubro de 2007, rexistro de entrada núm. 8731 de data 17 de Outubro de 2007, en relación a acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de data 2 de Agosto de 2007 relativo ao servizo de inspección educativa nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, que transcrito di:

“En relación cos acordos adoptados polo Pleno dese Concello e resposta ao seu escrito de data 20/08/07, no que se traslada o seu contido á Consellería de Educación para a adopción das medidas necesarias, cómpre comunicarlle que a situación descrita ven dada polo feito de que o 28/03/07 se dita unha sentenza derivada do recurso de apelación formulado por Inspectores da zona de Ferrol contra a sentenza de data 25/10/06 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela no P.A. 41/2006.

Os citados funcionarios recorreron o acordo da Consellería de Educación publicada no Diario Oficial de Galicia do 03/11/05, polo que se decidiu corrixir a Orde do 09/10/05, pola que se convocaba o concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa.

O fallo da sentenza de apelación foi favorable aos citados funcionarios, o que implicou que a Consellería de Educación, en cumprimento deste, publicase no Diario Oficial de Galicia nº 118 do 20/06/07 a Orde 13/06/07. Na citada Orde dispónse que se adxudica destino definitivo na sede da Inspección Educativa da Coruña, con efectividade do 1 de setembro de 2006, aos Inspectores que se relacionan no anexo da Orde (os apelantes).

En razón á citada Orde, os cinco Inspectores da sede de Ferrol e un de Santiago incorporáronse á sede da Coruña con destino definitivo nela; mais o Servizo da Inspección Educativa en todos os sectores de Ferrol segue a ser cuberto de idéntica forma á que se estaba a atender polos citados Inspectores. Dous días á semana (os martes e os xoves) dous Inspectores desenvolven gardas de permanencia efectiva na sede de Ferrol, en horario de mañá e tarde. As actividades administrativas continúan na sede de Ferrol coas mesmas funcións e persoal que ata agora, coa renovación dos equipos informáticos.

Por último, infórmolle que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria irá dotando progresivamente as prazas de Inspectores precisas con destino na sede de Ferrol para atender ás necesidades das Comunidades Educativas. O delegado provincial. Asdo.- José Manuel Mouriz Cabalo.”

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que houbo unha moción aprobada en pleno cos votos a favor do PP e

do BNG e esa moción viña no senso de manter ese servizo; que non lembra se o grupo socialista se abstivo ou votou en contra desa moción e dixo que iso se ía solucionar e cre que fixo un comentario de dicir que esperaba que no mes de decembro non tivera que volver a presentar a mesma moción que presentou o BNG e que polo que ve neste escrito, do que estase a dar conta neste pleno, as cousas seguen a estar igual, non só iso, chama a atención e case que da ganas de rir, que diga que "... os cinco inspectores da sede de Ferrol e un de Santiago incorporáronse á sede da Coruña con destino definitivo nela; mais o Servizo da Inspección Educativa en todos os sectores de Ferrol segue a ser cuberto de idéntica forma á que se estaba a atender polos citados Inspectores. Dous días á semana (os martes e os xoves) dous Inspectores desenvolven gardas de permanencia efectiva na sede de Ferrol, en horario de mañá e tarde. As actividades administrativas continúan na sede de Ferrol coas mesmas funcións e persoal que ata agora, coa renovación dos equipos informáticos... ", ou sexa, que todo segue igual, que dos cinco inspectores só veñen dous e dous días á semana, e ao final di "...Por último, infórmolle que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria irá dotando progresivamente as prazas de Inspectores precisas con destino na sede de Ferrol para atender ás necesidades das Comunidades Educativas", polo que non está todo igual nin segue cuberto en idéntica forma, está o mesmo que estaba cando se aprobou a moción.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta quere facer unha puntualización, que cando se le esta comunicación a situación vese que non está solucionada e que antes estaban cinco inspectores e agora están dous e dous días hábiles e que se é verdade que hai a promesa de que se van cubrir as prazas, mentres non se cubren estase nunha situación precaria en comparación co que había e que naquel momento se votou a favor de que se mantivera iso e farase todo o que se poida desde a súa parte para que Ferrol se manteña co mesmo número de persoas que tiña.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que na súa experiencia como concelleiro ten que felicitar á Consellería de Educación porque cre que é a primeira vez na súa vida que presenta unha moción e que en tres meses contestan ao órgano que remite a moción. Continúa dicindo que cre que o que se detrae da resposta ten dúas partes, ten a parte positiva de que se comprometen a manter o servizo, de que se marcan xa dúas persoas para dous días concretos, que a súa preocupación era que co cumprimento da sentenza o servizo desaparecera de Ferrol co que toda a área educativa desde Mañón a Miño tiveran que irse directamente a Coruña e mantense o servizo en Ferrol que era o obxectivo central; que na contestación incorren nunha contradicción, porque din que prestan o mesmo servizo, e como dicía o voceiro do PP, o mesmo servizo non o poden manter dúas persoas, pero no último parágrafo din que progresivamente irán cubrindo as prazas e sabe e ten información da propia Consellería, que cara ao ano que ven xa van cubrir unha praza definitiva no ano 2008, ou sexa que van ser tres prazas o que deberían indicar, porque está na oferta de emprego na Consellería de Educación.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que quere agradecer a intervención do voceiro do BNG en canto a que trátase de recoñecemento e esforzo da Consellería por establecer o servizo e tratar con respecto a esta institución e contestarlle en prazos prudenciais aos requirimentos que se fan. Di que ten que dicir que as botellas pódense ver medio cheas ou medio valeiras e o que pasa é que cando a botella estaba valeira en setembro e agora está medio chea é algo obxectivo, a botella encheuse ata a metade ou ata a cuarta parte, o certo é que non había nada e foise enchendo; que o grupo socialista se abstivo naquel momento xa que as informacións que recibían da Consellería eran que este problema derivouse dunha sentenza xudicial que motivou o traslado de todos os inspectores que estaban en Ferrol para Coruña, por algo que lles veu sobrevido e que cre que a Consellería actuou correctamente, asumiu unha sentenza

xudicial e empezou a poñer os medios para que se resolvera o problema, coa presenza de dous días á semana e de dous inspectores, pero non hai que esquecerse de medir as cousas tal como son, porque o traballo dos inspectores non só é presencial, senón que tamén hai un traballo técnico que se pode desenvolver tanto en Ferrol como en Coruña ou Santiago, e hai persoal traballando na Delegación para resolver os temas de Ferrol sen que ata agora se teña detectado ningún atraso por este motivo; di que o grupo socialista abstívose naquel momento porque consideraba, e respectando os criterios dos grupos da oposición, que era innecesario, porque tiñan constancia de que a Consellería estaba traballando para solucionalo e hoxe, tres meses despois, teñen a constatación real e efectiva de que a Consellería está traballando, que xa aportou unha solución temporal que cubre boa parte das necesidades, as técnicas todas, e as presenciais no corenta por cento nos días da semana, o compromiso é que din que seguirán traballando para iso, e o grupo socialista igual que naquel momento volven a dicir que si están satisfeitos a día de hoxe coa resposta que se ven dando, porque na administración non se contratan funcionarios en quince días e a xente do Concello o sabe ben, e está traballando para resolver este tema, ten dado unha solución razoable en prazos e segue traballando para facelo, polo que eles reitéranse na posición que tiñan, se ben seguirán insistindo á Consellería para que esta solución provisional e parcial se converta nunha solución definitiva e completa no máis curto prazo de tempo, dotando con prazos específicas para esta delegación de Ferrol, que é a forma de garantir o servizo no tempo.

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 809 do 1 de Outubro de 2007 e a número 882 de data 31 de Outubro de 2007.

Aberto o turno de intervencións, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que con respecto a unhas resolucións da Alcaldía que son as das listas definitivas das prazas de peóns e unha de albanel, concretamente as resolucións 822, 823, 830, 831, quere destacar desas resolucións que xa o outro día falaban na comisión de persoal de determinadas cuestións que agora non veñen ao caso, e dicían que se está ocultando información á oposición, neste e noutros casos; que na Comisión se lles dixo que efectivamente había problemas na selección de persoal, pero que agora mesmo, examinando os informes que emite a Secretaría do Concello, se preocupan aínda máis porque toda esa filosofía que se falaba de transparencia e de non meter á xente pola porta de atrás e cousas así, resulta que neses informes da Sra. Secretaría din que vulnerando a lei estase atribuíndo á fase de concurso un oitenta e cinco por cento da puntuación máxima fronte ao corenta por cento da puntuación máxima acadable na fase de oposición, e que cre que isto non son prácticas boas nin saudables, en primeiro lugar, porque teñen precisamente os informes de Secretaría e na medida do posible e no que se poidan asumir por parte da Corporación así se debe de facer, polo que como xa puxeron de manifesto na comisión, cren que non se están facendo as cousas ben, e que agora os informes veñen a corroborar o que pensaban.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que volvendo a poñer as cousas no seu sitio, dálle a razón ao voceiro do PP na parte que lle corresponde, matizando primeiro que de ocultar nada; que cando preguntan sobre calquera tema se lles informa, e que estas bases as teñen desde o día que se aprobaron, polo que as podían revisar, ao igual que calquera outro; que no seu momento as realizou a secretaria accidental nas vacacións da secretaria xeral; elaboráronse as bases, se lle deron algunhas indicacións por parte da Concellería de Persoal, indicacións que se coñecen porque se informaron na comisión de persoal dalgúns cambios que querían que se introduciran nas bases de selección en canto a que se tiveran en conta méritos como eran

especificamente os cursos de seguridade e hixiene no traballo e algunha cousa máis; que a secretaria accidental as revisou, se publicaron as bases, a xente se apuntou e cando se incorporou a secretaria titular revisounas e se deu conta de algo que era incorrecto; di que houbo un erro, xa que se deu á fase de concurso unha puntuación superior á legalmente permitida, e nese momento as opcións eran dúas, unha retrotraer o expediente e dicirlle ás cento e pico de persoas que había apuntadas que se apuntaran outra vez, ou, entendendo que a igualdade de oportunidades estaba garantida para todo o mundo, manter a convocatoria; que se podía tomar unha decisión ou outra, e eles tomaron a que crían que era a mellor para os veciños de Fene e para as persoas que solicitaron as prazas, para os veciños de Fene porque cada vez que se convoca unha praza, o esforzo administrativo de persoas nos tribunais, do persoal administrativo que ten que estar valorando méritos, do persoal que está en rexistro tendo que recoller solicitudes, facendo fotocopias, é impresionante, e realmente quere aproveitar a intervención para agradecer todo o esforzo do persoal técnico ou administrativo deste Concello, porque realmente puidéronse sacar adiante gracias ao seu esforzo; que nestas bases non hai máis do que hai e o que hai é iso, un erro, son unhas bases que pasan para que se revisen, non as sacan da manga, nin contratan a ninguén pola porta de atrás, sácanse para que quen tiña que revisala no seu momento as revise e contiñan un erro que a secretaria do concello cando se incorpora o detecta e o pon en coñecemento, e que a outra decisión podería ser correcta ou non pero eles tomaron a que pensaron que menos prexudicaba tanto á xente que se presentaba ás prazas como aos veciños de Fene. Continúa a súa intervención o Sr. Noceda Carballo manifestando que cando haxa algunha cousa mal, se polo menos é da súa área o vai dicir, e terá que tomar as medidas oportunas para que non volva a ocorrer, pero que non vai esconderse; que cando hai un erro hai que asumilo e dos erros un pode ser culpable porque o fixo él ou pode ser responsable porque o fixo outra persoa ao seu cargo; que neste caso pensa que é responsable porque culpable non, pero si é responsable e non vai eludir as súas responsabilidades e que ten que dicir que desde hoxe pola mañá se reorganizou o persoal administrativo deste concello precisamente para descargar a algunha das persoas que agora mesmo estaba levando todo o peso de contratación, de persoal, de contratacións menores para que leve todo o que é contratación maior e outra persoa para que leve persoal e contratación menor, e con isto descargar de traballo en áreas que son fundamentais para o Concello e onde non se poden permitir este tipo de erros que estanse a producir; di que non ocultan nada, que non esconden nada, que non hai portas de atrás, e que máis transparencia que isto non é posible.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que a lei é a lei para todo o mundo e polas necesidades do pobo ou do goberno como di o voceiro do PSOE non se pode saltar a lei; que as decisións que teñan que tomar, si se anula un procedemento administrativo ou non, hai moitas veces que se anulan, e oposicións á Xunta de Galicia anuláronse para miles e miles, e que lle diga que é o mesmo que unha fase de concurso sexa un corenta por cento que un oitenta e cinco por cento non pretenderán que o crea, porque na fase de concurso entran os méritos e na de oposición entra o temario, e o que acaban de saber o acaban de saber agora, como o outro día tamén trataron de saber e de sacar o que precisamente non se lles informaba, polo que si se lles informa non preguntan e parécelle que todas as preguntas terán que vir ao pleno porque así será a forma de que se decaten.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido manifesta que quere dicir unha cousa máis neste tema; que se ademais agora o goberno ten que estar preocupado de contarlle á oposición todo o que pensan que lles van preguntar, non necesitan tres asesores, necesitarían trinta; que a acción do goberno está para gobernar e a da oposición para controlar ao goberno e cando hai lagoas ou cousas que non teñen claras se preguntan e se contestan, pero que se a esixencia da oposición é que desde o

gobierno estén preocupados en saber todas as inquiredanzas que teñen para contalas antes de que veñan aquí a preguntalas, xa lles di que non; que polo menos na súa área respostaráselles sempre que pregunten e sempre que pidan calquera tipo de documentación se respostará coa maior rapidez posible, darásese a documentación coa maior dilixencia posible e a partir de aí, que se lle esixa en canto á claridade das respostas, pero que non lle esixa que cada vez que saia do Concello chame ao voceiro do PP para dicirlle todo o que fan aquí, porque iso simplemente nin é posible nin razoable.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde e manifesta que, dado que é unha resolución da alcaldía, gustaríalle matizar que, afondando no que apuntaba o concelleiro delegado de persoal que é certo, os expedientes hai que velos no seu conxunto e non parcialmente; que a nota informativa de secretaría que se inclúe na resolución da alcaldía pola que se relaciona o listado de admitidos, nas catro resolucións referidas ás catro bases que pasan pola Xunta de Goberno Local, si un ve o conxunto do expediente ve claramente que a Xunta de goberno local que é o órgano competente para aprobar as bases, as aproba legalmente sen ningunha advertencia de ilegalidade por parte da secretaria accidental que naquel momento estaba desempeñando as funcións da secretaría, se aproban sen advertencia de ilegalidade, polo que apróbanse legalmente e de acordo co establecido legalmente, outra cousa é que unha vez que esas bases se aproban legalmente, se inicia a fase na que todos os cidadáns se poden presentar, se conclúe o proceso de selección de candidatos, se reúne o tribunal e decide os admitidos e excluídos, haxa unha nota informativa da secretaria titular do Concello que se incorpora, na que se advirte de que aquilo que se aprobou no seu día de xeito legal na Xunta de Goberno contén, pódese chamar, unha ilegalidade, pero tamén pódese chamar un matiz ou unha certa irregularidade administrativa nas bases, como queira; que en todo caso conteñen unha cousa que é que o concurso verbo da oposición en vez de pesar equis pesa equis máis un, é certo e como dicía o concelleiro de persoal, hai dúas opcións ante iso, paralizar todo e volver a empezar de novo, e polo tanto perder un mes ou dous meses no camiño, ou tomar a decisión de que, dado que o acordo se aproba legalmente na Xunta de goberno local, para poder contar con eses traballadores o máis axiña posible para que as deficiencias que estaba a ter o Concello en materia de persoal se emenden o antes posible nos departamentos que afectan estes traballadores, se continúe co proceso, e se conclúa, e co compromiso de que en futuras convocatorias como dicía o concelleiro de persoal, mellorar todo o proceso.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que está segurísimo de que a secretaria do concello lles advertiu da diferenza que hai entre unha anulabilidade e unha nulidade, e pregunta qué pasaría se neste proceso de selección por non quererlle dar marcha atrás no seu momento alguén impugna.

O Sr. Alcalde intervén e di que o mesmo que se eles deran marcha atrás ao principio, pero polo menos teñen gañado tempo e hoxe está o traballo feito; di que son contratacións temporais para cubrir necesidades puntuais do servizo, que non se está a falar de contratar funcionarios para o Concello, de prazas que se dan para toda a vida nin de que se estea primando a unha xente fronte a outra porque estase garantindo en todo caso a liberdade e a igualdade entre todos os concorrentes ás prazas.

6º.- MOCIÓN URXENTES.-

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que desexa someter ao pleno por razóns de urxencia unha moción relativa á cesión gratuída dun terreo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a construción dun ximnasio no IES de Fene.

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia do asunto ven motivada pola necesidade de ter aprobada canto antes a vontade da Corporación para ceder a parcela, xa que a Consellería ten que iniciar as obras antes de fin de ano e non está incorporada na orde do día porque o expediente estaba sen concluír, non podendo esperar á vindeira sesión porque ten que expoñerse ao público durante quince días, polo que, de demorarse a adopción do acordo, non habería tempo para que iniciaran as obras antes de decembro.

Seguidamente pola Presidencia, sométese a votación ordinaria a urxencia, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a dar lectura á Moción da Alcaldía de data 8 de Novembro de 2007, que transcrita literalmente di:

“MOCIÓN

Resultando que en data 6 de setembro de 2007 o Pleno da Corporación acordou altera-la cualificación xurídica do ben que a seguir se describe, desafectándoo do dominio público e quedando cualificado como ben patrimonial, ao obxecto de proceder á posterior cesión da súa propiedade á Consellería de Educación e Ordenación universitaria da Xunta de Galicia para construción de un ximnasio no IES:

Porción de terreo de 1498 m2 da parcela de referencia catastral 61626401NJ6162N0001SL (o resto da superficie da parcela xa foi cedida polo Concello de Fene para a construción do IES de Fene e ampliación do mesmo).”.

Lindeiros (da totalidade da parcela de referencia catastral 61626401NJ6162N0001SL:

Norte: Parcela de Referencia catastral 15036A018003140000YF
Parcela de Referencia catastral 15036A018003130000YP
Parcela de Referencia catastral 15036A018004930000YU
Parcela de Referencia catastral 15036A018002870000YK

Sur: Parcela de Referencia catastral 6126403NJ6162N000UL

Leste: Parcela de Referencia catastral 6126402NJ6162N0001ZL
Fronte á Estrada de San Marcos-Barallobre.

Oeste: Parcela de Referencia catastral 15036A018005020000YP
Parcela de Referencia catastral 15036A018004270000YH
Parcela de Referencia catastral 15036A018004260000YU.
Parcela de Referencia catastral 15036A018004250000YZ.
Parcela de Referencia catastral 15036A018004220000YJ.
Parcela de Referencia catastral 15036A018004210000YI.
Parcela de Referencia catastral 6126406NJ6162N0001AL.
Parcela de Referencia catastral 6126405NJ6162N0001WL.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia núm. 218 de data 20 de setembro de 2007 publicouse a parte dispositiva do referido acordo.

Considerando que segundo informe da funcionaria encargada do rexistro xeral de data 29 do outubro de 2007 ,desde o día 20 de setembro ata o día 20 de outubro non figura ningún

registro de reclamación ao expediente de “desafectación dunha parcela de titularidade municipal no lugar do Pazo en Barallobre”.

Considerando que o acordo plenario antes citado, no apartado terceiro da súa parte dispositiva dispón que de non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, considerarase aprobada definitivamente a alteración da calificación xurídica do ben.

Visto que na cédula de cualificación urbanística emitida polo arquitecto técnico municipal en data 15 de febreiro de 2007, no apartado observacións, se sinala, entre outras cousas que “... En relación co disposto no artigo 110.a, indicar que os fins que se perseguen coa cesión redundan de maneira evidente e positiva no beneficio dos habitantes do termino municipal, dado que se trata de completar un novo programa educativo coa construción dun ximnasio que mellore a actual oferta de servizos de I.E.S. que da cobertura á totalidade de estudantes do municipio. En relación co artigo 110.e, dicir que o ben obxecto da cesión non se encontra comprendido en ningunha reforma ou adaptación do planeamento que lle é de aplicación (P.X.O.M.- rev 98) e non está prevista a súa utilización pola entidade local nos inmediatos 10 anos, de acordo coas determinacións e programa de actuación do planeamento...”

Visto o informe de Secretaría de data 14 de agosto de 2007 obrante no expediente e transcrito na parte expositiva do acordo plenario de data 6 de setembro de 2007.

Visto o informe de Secretaría desfavorable de data 5 de novembro de 2007 que, transcrito di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Cesión de terreo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, e cumprimentando a Providencia da Alcaldía do día da data, ten a ben emiti-lo seguinte INFORME:

Cuestión previa

Con carácter previo cómpre deixar constancia de que o expediente examinado non se atopa numerado nin asinado en todas as súas follas útiles polo funcionario encargado da súa tramitación, tal e como preceptúa o artigo 164.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se formula a oportuna observación e se informa da necesidade de dar cumprimento ao disposto en dito precepto. Por tal motivo, as consideracións que seguen restan condicionadas ao repertorio documental examinado.

Primeiro.- *En data 14 de agosto de 2007, por esta Secretaría emitíuse informe en relación ao asunto de referencia, informe no que se ratifica e reitera a que subscribe e se da por íntegramente reproducido.*

Segundo.- *Segundo certificación obrante no expediente examinado, o Pleno da Corporación en sesión de data 6 de setembro de 2007 acordou altera-la cualificación xurídica do ben que no mesmo se describe, desafectándoo do dominio público e quedando cualificado como ben patrimonial, ao obxecto de proceder á posterior cesión da súa propiedade á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para construción de un ximnasio no IES, someter o procedemento a información pública por prazo de un mes no Boletín Oficial da Provincia e no Taboeiro de anuncios do concello, para que poidan formularse as alegacións que se consideren convenientes, así como que de non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, considerarase aprobada definitivamente a alteración*

da calificación xurídica do sobredito ben. Consta no expediente examinado que no Boletín Oficial da Provincia núm. 218 de data 20 de setembro de 2007, publicouse a parte dispositiva do referido acordo plenario. Segundo informe da funcionaria encargada do rexistro xeral de entrada de documentos do Concello de data 29 de outubro de 2007, obrante no expediente, segundo resulta da comprobación do rexistro xeral de entrada de documentos, desde o día 20 de setembro ao 20 de outubro do presente ano, ámbolos dous incluídos, non figura ningún rexistro de reclamación ao expediente de “desafectación dunha parcela de titularidade municipal no lugar do Pazo en Barallobre”.

Non consta no expediente que se procedera a identificar con claridade o ben cos seus lindeiros e se procedese á súa depuración xurídica, procedéndose á segregación do terreo que se pretende ceder e á inscrición do mesmo no rexistro da propiedade.

O artigo 113 do regulamento de bens das entidades locais dispón que antes de iniciarse os trámites conducentes ao alleamento do inmovible debe procederse a depurar a situación física e xurídica do mesmo, practicándose o deslinde, se fose necesario, e inscribíndose no Rexistro da Propiedade, se non o estivese.

No informe emitido pola que subscribe en data 4 de agosto de 2007 sinalase no fundamento de dereito segundo que “... Por outra banda, en canto á inscrición do ben que se pretende ceder no Rexistro da Propiedade, cómpre sinalar que consta no expediente unha certificación da Sra. rexistradora da Propiedade de Pontedeume de data 28 de febreiro de 2007 referida á inscrición a favor do Concello de Fene dunha finca ao folio 180 do tomo 119 do Arquivo, Libro 76 do Concello de Fene, finca 7894. En relación a dita certificación, sinalar, dunha parte que a superficie da finca rexistral a que se refire, excede da superficie da parcela de referencia catastral á que se refire a cédula urbanística e, por outro lado, que non consta a referencia catastral da parcela ou parcelas que integran a finca, polo que non resulta acreditado que dita finca rexistral se refira, entre outras, á parcela cuxa porción se pretende ceder.

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe, cómpre clarefexar os extremos citados, debendo procederse con carácter previo á identificación dun xeito claro e preciso do terreo cuxa cesión se pretende, e realiza-los trámites necesarios tendentes a depurar-la situación física e xurídica do ben, procedendo á segregación da porción da parcela a ceder e inscrición da mesma no Rexistro da propiedade”.

Polo tanto, entende a que subscribe que o feito de proceder á cesión sen que previamente se depure a situación física e xurídica do ben, procedendo á segregación da parcela e inscrición da mesma no rexistro da propiedade non se axusta ao disposto na normativa vixente,

CONCLUSIÓN

En atención ao exposto se informa desfavorablemente a cesión gratuita do ben a que se refire a Providencia da Alcaldía á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.”

Visto o informe de Intervención núm. 400/2007, no que, entre outras cousas, se sinala:
“I.- CONTIDO.

Respecto a cláusula cuarta do borrador de convenio remitido, segundo o cal “o Concello pola súa parte colaborará economicamente na realización das obras coa cantidade resultante da

suma dos impostos correspondentes a taxa por licenza urbanística e ao Imposto de construcións, instalacións e obras que teña a súa orixe nelas”, esta intervención entende que na Lei reguladora das facendas establece que ao abeiro do establecido no seu artigo 9.1 “ non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas de rango de lei ou nos tratados internacionais. Neste sentido tamén se pronuncian as ordenanzas fiscais reguladoras da taxa e o imposto citados respectivamente.

En base ao dito a citada cláusula suporía unha exención total dos tributos locais correspondentes por tanto, non considero que esta axustada a dereito.

Polo que respecta ao informe de intervención en relación con si existe débeda pendente de liquidar con cargo ao orzamento municipal. Conforme co previsto no artigo 110.1 d) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, non existe débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal en relación ca cesión da parcela obxecto do presente expediente.

Esta información basease en que visto o orzamento de gastos e o orzamento de ingresos do Concello, os ingresos correntes abundan para financiar os gastos correntes do exercicio.

Por outra banda a valoración feita polo aparelador municipal en data 14 de xullo de 2007, ascende a 23.377,78 € o que non supera o 25% dos recursos ordinarios do orzamento.”

Visto o informe de Intervención núm. 401/2007, de data 8 de novembro de 2007 que, entre outras cousas di:

“CONCLUSIÓN

En base a todo o dito informase favorablemente o expediente de cesión, salvo polo que respecta ao punto 4 e o punto 5 referente a delimitación do ben, xa que vai imposibilitar a materialización en escritura pública do referido acordo sendo necesario para elo levar a cabo a segregación da parcela.”

Vistos os artigos 110 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño,

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Ceder gratuitamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a propiedade do ben que a seguir se describe para destinalo á construción dun ximnasio no I.E.S.:

Porción de terreo de 1498 m² da parcela de referencia catastral 61626401NJ6162N0001SL (o resto da superficie da parcela xa foi cedida polo Concello de Fene para a construción do IES de Fene e ampliación do mesmo).”

Lindeiros (da totalidade da parcela de referencia catastral 61626401NJ6162N0001SL:

Norte: Parcela de Referencia catastral 15036A018003140000YF
Parcela de Referencia catastral 15036A018003130000YP

Parcela de Referencia catastral 15036A018004930000YU
Parcela de Referencia catastral 15036A018002870000YK

Sur: Parcela de Referencia catastral 6126403NJ6162N000UL

Leste: Parcela de Referencia catastral 6126402NJ6162N0001ZL
Fronte á Estrada de San Marcos-Barallobre.

Oeste: Parcela de Referencia catastral 15036A018005020000YP
Parcela de Referencia catastral 15036A018004270000YH
Parcela de Referencia catastral 15036A018004260000YU.
Parcela de Referencia catastral 15036A018004250000YZ.
Parcela de Referencia catastral 15036A018004220000YJ.
Parcela de Referencia catastral 15036A018004210000YI.
Parcela de Referencia catastral 6126406NJ6162N0001AL.
Parcela de Referencia catastral 6126405NJ6162N0001WL

Para a realización das obras de construción do ximnasio pola da Consellería de Educación e Ordenación universitaria deberán solicitarse e obterse tódalas autorizacións necesarias, entre elas as preceptivas licenzas municipais urbanística e de actividade.

O ximnasio do I.E.S. deberá quedar rematado no prazo de dous anos a contar desde a formalización da cesión.

O cumprimento exacto do fin e destino dos terreos cedidos e do prazo de finalización das obras suxéitase á condición resolutoria expresa, polo que en caso de incumprimento, bastará acta notarial de constancia dos feitos, acompañada da mesma escritura de cesión de cesión para que opere a reversión dimanante do incumprimento da condición expresa.

Segundo.- Someter o expediente a información pública polo prazo de quince (15) días, mediante anuncios no taboeiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no artigo 110.1.f) do Regulamento de Bens das entidades Locais. De non producirse reclamacións durante o período de información pública, o presente acordo consideraráse definitivo.

Terceiro.- Dar conta, unha vez definitivo que sexa o acordo, da cesión ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que, unha vez definitivo que sexa o acordo e transcorrido o prazo ao que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril sen que o órgano competente da Comunidade Autónoma requirise ao Concello expresando a normativa que estima vulnerada, en nome e representación do Concello subscriba a escritura pública de cesión."

Aberto o debate intervéñen o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que había que dar lectura íntegramente aos informes de secretaría e intervención posto que non estaba na documentación do pleno xa que é unha moción urxente, pero resumidamente o que se propón é a cesión definitiva da parcela ao IES de Fene e que o informe de intervención sinala que entende axustado a dereito todo o que se propón agás unha cláusula que plantexa a Xunta de Galicia no modelo de convenio que remite relativa, por dicilo dunha forma coloquial, a non cobrarlle o imposto de construción e de licenza urbanística correspondente para a edificación; di que a moción incorpora esa advertencia da interventora e a propia moción no acordo que se somete a pleno di que para a realización das obras de construción do ximnasio pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberán solicitar e

obterse todas as autorizacións necesarias, entre elas as preceptivas licenzas municipais urbanísticas e de actividade. Continúa dicindo que con respecto ao informe de Secretaría que comparte integramente, o que sinala é que a xuízo da secretaria do Concello, logo de que o pleno de setembro aprobouse a desafectación e antes de que o pleno aprobouse a cesión definitiva deberíase aprobar a segregación da parte de parcela que se lle vai ceder á Consellería de Educación, porque previsiblemente cando haxa que inscribir no Rexistro da Propiedade a parcela a nome da Consellería de Educación, a rexistradora da propiedade de Pontedeume esixirá esa segregación; que tamén é certo que a parcela que actualmente ocupa o instituto de Fene, e tamén se pon de manifesto no informe de secretaria e así consta no rexistro da propiedade de Pontedeume, no seu día ceduse á Consellería de Educación e sen segregación, e foi aceptado pola Xunta de Galicia e escriturado sen ningún tipo de problema; que en calquera caso tráese a pleno a moción porque está rematando o ano, a corporación ten que tomar un acordo e ten que tomar unha vontade canto antes para que esa parcela se poida ceder, e a Xunta poida inverter esa cantidade orzamentaria que ten contemplada para ampliar o instituto antes de finais de ano neses terreos, e o que se propón na moción é aprobar esa cesión desa parcela tomando en consideración os informes de intervención e secretaria; que con posterioridade á adopción deste acordo, iniciar tamén os trámites para segregación da parcela, para que posteriormente a este acordo plenario, cando haxa que escriturar o terreo a nome da Consellería de Educación non se teña ningún problema co rexistro da propiedade e finalmente se poida escriturar a parcela aplicando o indicado pola secretaria.

(Ausentanse da sesión os/as sres/as Concelleiros/as Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín e Don Edgar Antonio Vigo López)

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que xa ven que é unha moción urxente pero xa é unha moción que trataron a súa urxencia noutra ocasión e por tanto volve reiterar o mesmo, que se entera pola prensa; que xa sabe que é unha moción urxente pero non é unha moción política para ver si se caza ao adversario, senón que é unha moción que eles consideran necesaria e consideran necesario o que se vai facer, pero tamén consideran que é de elegancia e de boas maneiras tratalo hoxe no pleno e sacalo mañá na prensa que é a sucesión lóxica do que debería ser isto. Continúa dicindo que á vista do informe de secretaria íanse abster porque consideraban que xurídicamente non é viable levar o tema adiante, pero que non obstante, coas aclaracións que se fixeron agora por parte do Sr. Alcalde, do compromiso de que efectivamente se vai cumprir o que di a secretaria no seu informe, que haberá que segregar para despois poder outorgar a correspondente escritura pública e inscribir, entón con ese compromiso que se acaba de adquirir por parte do Sr. Alcalde van votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que indubidablemente que a moción é urxente, e que van votar a favor porque isto xa ven da lexislatura anterior, pero que hai que ter un pouco máis de seriedade, porque hoxe aparece na prensa, e él onte saía ás dúas do concello e non sabía se ía ir a moción a pleno ou non, e di que o grupo de goberno adoptou unha forma de traballar que parécelle moi respectable, que todo o resollen en comisión de goberno e a oposición non ten nada que dicir, pero que hai que ter un pouco máis de respecto pola oposición xa que lle parece que non se está a ter ningún respecto.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que por unha parte quere agradecer aos grupos da oposición o seu voto a favor de admitir a trámite de urxencia esta moción e tamén agradecer a súa intención de votala favorablemente e informa tamén ao voceiro do grupo popular que o compromiso que

explicitou o Sr. Alcalde tamén é un compromiso do conxunto do grupo municipal socialista en canto a que ese requisito se inicie o antes posible.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde e manifesta que en relación ao manifestado polos Sres. Galego Feal e Sánchez Martínez é certo que onte ao medio día aínda non sabían se o expediente estaría concluído para traer a este pleno; que a verdade é que se resolveu a últimísima hora e incluso hoxe resolveuse algunha parte do expediente; que en todo caso cre que os erros hai que recoñecerlos sempre, e pide desculpas porque enteráronse antes pola prensa que por eles de que a moción ía vir, o que non se volverá a repetir e na vindeira ocasión terán unha chamada telefónica para que os grupos da oposición tamén estén enteirados dos asuntos que se traen de urxencia ao pleno. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que non cre que se poida acusar a este goberno de non ter unha sensibilidade especial ou de non contar coa oposición; que é certo que moitas veces as presas e a práctica política diaria de sacar asuntos adiante fan que o goberno resolva desta maneira pero a vontade de compartir información coa oposición a están manifestando e a están tendo porque ademais cren que é bo, positivo e democrático; que outra cousa é que cuestións puntuais como esta, un día determinado se lles pase, polo que pide desculpas e manifesta a súa vontade e a do grupo de goberno de que se corrixan no futuro.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que nas comisións correspondentes nada máis que se da conta e as cousas son como son, teñen unha forma de traballar que pareceralle ben ou non, que é legal e o poden facer, pero pensa que as cousas non deben ser así e é respectable.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que pola súa parte acéptanse as desculpas e quere dar as grazas porque se lles informe pero dálle a razón ao Sr. Sánchez Martínez no senso de que efectivamente últimamente as comisións, sacando que van licenzas, no resto, practicamente non hai documentación nin hai nada.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde e manifesta que non está de acordo co manifestado; que, en todo caso a lei é moi clara nese sentido, xa que as comisións informativas son estritamente para ditaminar os asuntos que van a pleno e este goberno, porque ten vontade de ir mais alá, está levando xa dende hai uns meses máis asuntos ás comisións informativas que os estritamente para dictame do pleno e seguirá a levar máis porque cren que ese é o modelo axeitado.

Rematado o debate, pola presidencia sométese a votación ordinaria a moción da Alcaldía de data 8 de novembro de 2007, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) dos/as Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, Manuel López Rodríguez, Polo Gundín, Vigo López, Galego Feal, Bertoa Puente, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: De conformidade co disposto no artigo 100.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, tres (3), dos/as señores/as Couto Seijido, Pico Sanmartín e Roca Requeijo, ao terse ausentado/a do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presentes no momento da votación.

Á vista do resultado da votación declarase aprobada a moción da Alcaldía de data 8 de Novembro de 2007, que devén en acordo nos terminos anteriormente transcritos.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Seguidamente, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido da traslado da inquedaanza que teñen os veciños do camiño de Lubián xa que quedou moi mal coas obras da autopista, e tal como está, os vehículos collen moita velocidade tanto para subir como para baixar polo que non lle estraña que os veciños estén preocupados, e propón como solución estudar o tema de instalar unhas bandas sonoras ou algo que coaccione á xente para que non se lance por alí abaixo.

Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que ven con certa preocupación que con tanto diñeiro que se di neste pleno se leva aforrado, resulta que o Concello de Fene renuncia a unha subvención de trescentos vintecinco mil euros e a Deputación provincial di que das catrocentas vinte obras incluídas, catrocentas dezaioito están ou ben adxudicadas ou en prórroga de adxudicación, pero hai dúas obras dos concellos de Fene e Santiso para os que os respectivos concellos enviaron escritos comunicando que existen dificultades para a súa realización polo que non van poder ser adxudicadas dentro do prazo máximo establecido e polo tanto se renuncia á subvención; di que o outro día o Alcalde de Ortigueira deulle as gracias porque precisamente a renuncia da subvención de Fene e de Santiso van para facer un aparcadoiro na zona da Madalena en Ortigueira, e que quere saber onde estaban localizadas estas obras, e o pregunta no pleno precisamente porque o martes pasado tiveron comisión de urbanismo e non se lles informou de nada e isto que é moi anterior á comisión de urbanismo xa que é do 11 de outubro de 2007 que é cando ten saída da Deputación; que, a denominación da obra é dotación de servizos A.P.V. núcleos Fene, co seu código e ademáis que ten unha subvención do Ministerio de Administracións Públicas de trinta e seis mil euros, a da Deputación de cento catro mil e o concello oitenta e dous mil, e gustaríalle saber onde están localizadas estas obras e por qué se renuncia a elas.

Intervén o Sr. Alcalde Presidente e manifesta que con respecto ao camiño de Lubian comparte a preocupación; que estiveron en datas recentes falando co presidente da Asociación de Veciños de Fene que lles trasladou esta queixa e preocupación; que a única solución que contemplaban é precisamente a instalación dunhas bandas rugosas; que se está a estudar porque estas bandas rugosas están bastante limitadas pola lei a determinados puntos; que están a estudar a posibilidade de poñelas e que se é legalmente posible poñeráanse porque entenden o problema e saben que é unha zona na que hai exceso de velocidade con bastante frecuencia.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde dicindo que con respecto á subvención que apunta o voceiro do PP, o único que lle pode dicir é que o Concello non ten ningunha comunicación oficial sobre ningún tipo de subvención que se perdeuse ou que non se executase; que non está a poñer en dúbida a súa palabra pero que as únicas obras que o goberno municipal sabe que están pendentes son as correspondentes aos plans provinciais dos anos 2006, 2007 e plan de cooperación provincial do ano 2005; que eses plans incluían diversas obras que non podían ser executadas porque non había dispoñibilidade de terreos para poder levalas á práctica, como o camiño de Sixto Mauríz a Formosende, e o camiño do Trabado, diversas actuacións que non se podían executar porque non había disposición dos terreos; que o primeiro que fixeron foi averiguar se lles daba tempo no prazo que quedaba para xestionar esa cesión dos terreos, e como non era posible, se iniciaron contactos coa Deputación da Coruña para que permitisen variar, substituír esas obras por outras que si fose posible realizar e dispoñer de terreos, co compromiso tamén de que as obras extraídas dos plans deses anos se incorporasen ao seguinte POS para o ano 2008; que a Deputación, logo dun período de conversas e de negociacións, aceptou esta solución como válida para non perder a subvención e ao mesmo tempo solicitouse tamén prórroga para xustificar esa

subvención e están as prórrogas aceptadas, concedidas e os plans mantéñense tal cal estaban no momento que foron aprobados neste pleno, simplemente co compromiso de que nas vindeiras semanas substituiranse uns camiños por outros. Remata a súa intervención o Sr. Alcalde dicindo que non teñen coñecemento de ningunha outra subvención, de ningún outro proxecto pendente de execución e que garante que non hai ningún escrito nin comunicación oficial da Deputación provincial no concello de Fene que lles comunique a perda de ningunha subvención.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que non debe funcionar moi ben o grupo provincial socialista na Deputación xa que a eles llo notificaron; que é da reunión do 22 de outubro onde precisamente se aproba a modificación da distribución e que o do Concello de Fene e de Santiso vaise para o aparcamento da Madalena en Ortigueira e sinala que se refire ao POS de 2007.

Intervén novamente o Sr. Alcalde e manifesta que se iso fora tal cal así, o Concello tería que ter unha comunicación, e que en todo caso sería contradictoria coa concesión de prórrogas para a execución das obras; di que pode ser o complementario do POS que se executa coas baixas que se poidan producir das obras, polo que pode ser que sexa o referido a un complementario.

O Sr. Galego Feal intervén e di que eles o que piden é que se lles informe dos escritos que presentou o concello de Fene porque os presentou o concello e di que se lles comunica á deputación que existen dificultades para a adxudicación das obras núm. 151 Dotación de servizos e pavimentacións núcleos de Fene.

O Sr. Alcalde intervén e di que se averiguará e se respostará no vindeiro pleno, pero que o Concello non ten comunicación algunha da Deputación e que o que si ten solicitado e concedido son prórrogas dos plans que anteriormente sinalou.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que outra pregunta é sobre o tema da auga, que parece ser que houbo unhas negociacións co Alcalde de Ferrol e se falara de pasar de 0,7 a 0,14 o metro cúbico a pagarlle a Ferrol, e pregunta se hai algo diso.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que na comisión de facenda se comentou e no último pleno que houbo para falar das taxas él mesmo falou deste asunto e así consta na acta e que o verá cando a haxa que aprobar, e contesta dicindo que xa no mandato anterior, hai aproximadamente un ano, cando estábanse a debater as ordenanzas fiscais e os orzamentos para o ano 2007, desde o goberno local que había daquela se lles informou que o Concello de Ferrol pretendía subirlle o prezo da auga que lle cobra a Fene; que concretamente agora Ferrol factura a auga a sete céntimos e a proposta de Emafesa é cobrala a case quince céntimos, o que supón duplicar o prezo da auga, polo que desde Xaneiro deste ano Emafesa está facturando a Fene a auga xa a 0,15 céntimos, xa subiu o prezo a pesares de que non se chegou a acordo, pero tamén é certo que desde o mes de xaneiro Fene non lle está a pagar a Emafesa a auga que se lle compra, porque non están de acordo na suba que se aplica porque non é froito dun consenso e dunha negociación; que é certo, e así o indicou no pleno, que o concelleiro de Facenda e él se reuniron e teñen falado xa nun par de ocasións co Alcalde de Ferrol para atopar algún tipo de solución, sendo conscientes sempre de que o prezo da auga vai subir; que os argumentos que esgrime Ferrol son que lles cobra aos concellos da ría a sete céntimos e que para eles é excesivamente baixo, que lles da perdas e que os veciños e veciñas de Ferrol están pagando as perdas que se xeran porque os da comarca non paguen a cantidade que eles estiman que deberían pagar; que tamén é certo que en comparación con outras zonas de Galicia onde se produce o mesmo, a diferenza é

cuantitativa, por exemplo A Coruña está cobrando aos concellos a vinteseis céntimos, Santiago máis ou menos a vinteún, e Ferrol a está cobrando a sete e o que plantexan é que se pase a quince, aínda moi lonxe do que estase a cobrar noutros sitios, polo que él e a concellería de facenda entenden que é necesaria unha revisión de prezos por parte de Ferrol, pero tamén entendendo que Fene, polo menos con cargo ao exercizo 2007, non lle vai poder facer fronte a eses quince céntimos porque non estaban consignados no orzamento e porque non hai cartos para pagalos, nin se aplicaron na taxa, nin estaban consignados no orzamento municipal; di que si están en negociacións co Concello de Ferrol para atopar algunha solución satisfactoria para as dúas partes, para que Ferrol non perda cartos pero tampouco para que o Concello de Fene se hipoteque no prezo da auga, e que esperan que antes de final de ano se poida chegar a algún tipo de acordo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que o tramo da estrada que quedou en Barallobre que da acceso ao Colexio do Ramo queren que si se pode considerar o tema de rebacheo e máis nas casas do principio. Continúa o Sr. Galego Feal e pregunta se é certa unha información que lles chegou sobre o contrato con Sedega, se a Sedega se lle está liquidando cada dous meses e antes se lles liquidaba cada mes.

O Sr. Alcalde intervén e manifesta que con respecto ao camiño do Ramo é certo que está nunhas condicións lamentables e que ademáis de dar acceso ao colexio tamén agora ao parque de educación viaria, e que o que pasa é que ese camiño é a antiga estrada vella; que cando se fai o paso soterrado polo outro lado da estrada e se suprime o paso a nivel esa estrada queda un pouco no limbo, porque xa está desviada; que non se usa porque xa non é a estrada xeral pero segue a ser titularidade da Xunta de Galicia e na visita que fixo aquí o delegado provincial da consellería de política territorial, un dos temas que se trataron con él foi precisamente o de esa estrada, a posibilidade de que a Xunta de Galicia lle ceda esa estrada ao Concello, por suposto previamente adecentada, para incorporala ao viario municipal que é o máis razoable porque a estrada xeral é a outra; que de momento o Concello non pode actuar nela pero si estase a xestionar coa Xunta a súa transferencia. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que sobre o tema de Sedega non sabe si se paga mensual ou bimensualmente, polo que contestarase noutro pleno.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen, unha vez concedido, manifesta que quere preguntar polas pegadiñas que se ían poñer para información dos voluminosos xa que non as ve por ningunha parte. Continúa dicindo que tamén queren saber para cando o comedor da Galescola e sobre a limpeza das rúas, que agora pola zona do Cruceiro, polo menos, hai ratas e pide se tomen medidas; di que a ponte de madeira que se fixo no paseo de San Valentín está unha parte caendo, e que quere facer tamén un rogo sobre unha banda sonora que hai mesmo no Cruceiro, que non ocupa toda a rúa e que dáse a casualidade de que non hai banda sonora onde están aparcados todos os coches e os que circulan por alí esquivan a banda e pide que se cambie de lado.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que, en canto ao comedor da Galescola, na conversa que tivo coa concelleira responsable no tema da Galescola o que lle dicía era que de momento non hai servizo de comedor, que é algo que depende do Consorcio, pero que as noticias que teñen por parte do Consorcio é que estase a solucionar para que se implante canto antes.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que levan máis de tres semanas sen teléfono; que xa deixou unha nota ao responsable e non hai solución ata agora.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido manifesta que con respecto aos teléfonos a verdade é que ten razón; que non é un problema soamente do despacho do Sr. Sánchez Martínez senón da maior parte dos despachos onde están os grupos municipais e doutras partes do Concello; que a verdade é que están a ter problemas serios co tema da telefonía en cultura, nalgunhas dependencias de aquí, nos despachos municipais; que ao principio estaban parcheando pero a solución era para dous días e entón mandaron facer unha análise de cal era o problema e, ao final é que a centraliña está colapsada para o actual número de extensións que hai no Concello e con moitas conexións de cables, un tipo de centraliña moi antiga e que, por tanto, cada vez que hai que buscar a terminal que falla, técnicamente é complexo e en vista que a situación non se vai poder mellorar, están en negociacións coa compañía que leva os teléfonos para que se cambie o sistema da centraliña xa que será o único que solucione definitivamente os problemas que hai; que tal como están agora mesmo lamenta informar que a única solución que dan os técnicos é a medida que se vaian transmitindo queixas, parchealas pero non lles garanten solucións definitivas se non se aborda o cambio da centraliña; que espera poder dar pronto novas de cando poden resolver o problema e que lamenta non poder darlle mellores novas pero é o que hai agora mesmo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que as pasarelas elevadas de Renfe non se pintaron nunca, e están nun estado moi deteriorado e pregunta a quen corresponde o mantemento, se a Renfe ou ao Concello.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que tanto as reixas que delimitan a vía en Perlio e Barallobre como a pasarela elevada en Perlio quen ten que amañalo é Renfe; que en todo caso si que lembra algo que xa se dixo neste pleno e que segue pendente que é que este goberno ten solicitada unha entrevista na dirección de Renfe en Madrid para, entre outras cousas, solicitarlle o mantemento das reixas, e que con respecto aos pasos elevados outra cousa que se lle vai plantexar é que na zona da Torre en Perlio que se retire, xa que é impracticable para a maioría da xente que vive na zona, e que se constrúa un paso soterrado para peóns na zona da estación, e tamén na zona do Cruceiro que se estudie a posibilidade dun paso elevado para comunicar o Cruceiro con Marqués de Figueroa; di que seguen esperando e agardando a que Renfe confirme a data e plantexarille estas inquedanzas.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que mentres habería que esixir unha seguridade para que non haxa ningún problema e haberá que insistir porque non se pode estar nesa situación. Continúa o Sr. Sánchez Martínez e pregunta sobre o punto limpo de Vilar do Colo, xa que a última vez que se falou do tema creu entender que ía ser entre Cabanas e Fene, que estaba pendente dunha reunión cos representantes de Cabanas para tratar o tema do prezo, e pregunta se houbo xa esa reunión.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que a semana pasada reuniuse xunto co concelleiro de organización e de promoción económica co alcalde de Cabanas e outros membros da Corporación de Cabanas para trasladarlle o acordo que acadara o goberno municipal de Fene na reunión que mantiveron en Sepes en Madrid para o punto limpo e nesa reunión Cabanas trasladou a súa vontade de seguir apostando por ese proxecto unha vez que, froito da reunión que se mantivo en Madrid conseguíuse desbloquear o principal escollo que tiña Cabanas, que era que non tiña consignado no orzamento cartos para mercar os terreos do punto limpo, e froito desa reunión, ademais da bonificación do cincuenta por cento do terreo, se conseguiu que Sepes aceptase que Fene e Cabanas en vez de pagar os trinta mil euros que cada Concello ten que pagar para comprar esa parcela, se compensasen cos cartos que Sepes debe pagar pola venta de parcelas en Vilar do Colo.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que unha vez superado ese escollo, Cabanas pode perfectamente facer fronte á compra da parcela e na reunión, o que se decidiu concretamente foi xa que os servizos técnicos dos Concellos iniciaran os trámites para dar os pasos necesarios, o primeiro é que a Xunta de Goberno Local de Cabanas e de Fene aproben a compra da parcela; que o expediente estase a tramitar no Concello e en principio a intención é levalo á Xunta de goberno da semana que ven ou da seguinte e, unha vez aprobado tanto en Fene como en Cabanas, remitir o acordo a Sepes e proceder a escriturar a parcela para poñela a disposición da Xunta de Galicia para a construción do punto limpo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que na lexislatura pasada tamén se ten falado moitas veces da recollida selectiva de aceites, de conseguir algún contedor, de ter algunha zona determinada, e pregunta se está previsto facer algo nese tema.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que desde a Concellería de Medio ambiente estase a facer un estudio económico dos custos primeiro dun contedor novo, xa que o que estase a utilizar é de ferro e non é o máis axeitado, e tamén estase a facer un estudo e orzamento de recolledores de aceite para colocalos en diversos puntos do Concello, e que unha vez que se teñan definidos os tipos de materiais haberá que mirar as ubicacións e que nese traballo estase de cara a presentar unha proposta para que o goberno a estudie e se poida presentar nos vindeiros meses.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que quere presentar un rogo que o ven facendo desde hai moito tempo; que no túnel que une Perlio con San Valentín se rompen os focos continuamente, que é unha zona moi transitada e habería que buscarlle algunha solución.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que esta semana precisamente falaba coa concelleira de Servizos deste tema porque detectaron varios sitios onde hai problemas coa luz, un era o túnel que vai precisamente de Marqués de Figueroa a San Valentín, a luz da farola das escaleiras de unen as Pías con San Valentín, e outra farola que había na zona de Mundín; di que das tres está avisado o electricista municipal para ir a substituílas e amañalas.

A continuación pide uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido manifesta que quere respostar a dúas preguntas en temas de urbanismo que quedaron enriba da mesa no pleno anterior: unha que plantexou o voceiro do PP sobre a súa preocupación pola falta de carteis nas obras di que quere dar conta que por parte da Alcaldía en data 5 de outubro ditouse unha providencia á Policía Local para que fixera un informe exhaustivo das obras multifamiliares, control coa licencia e cartel correspondente: que fíxose ese traballo e agora vaise notificar ás empresas infractoras pola falta de colocación do cartel da licencia de obras; que en concreto hai catro infractores e algunha que está en construción que non ten nin licencia nin cartel; que se lles vai notificar de forma inmediata para que no prazo de dez días poñan dito cartel e se nón a sanción correspondente; di que hai unha obra que todos pensaban que tiña licencia e están facendo a obra sen licencia e trátase dunha obra multifamiliar, que ten agora a licencia concedida recentemente e se vai notificar pero a verdade é que levaba meses traballando sen licencia e son cousas que este goberno está empezando a resolver e a non permitir que sucedan. Continúa o Sr. Rodríguez Carballeira dicindo que en relación a unha pregunta que formulou o Sr. Sánchez Martínez relativa a un recheo en Maroño feito por unha empresa, esa empresa tiña concedida unha licenza para facer unha cantidade de recheo de terra concedida no ano 2006; que enviouse á Policía Local para que fixera un informe, que fíxose unha inspección visual por parte del e dun técnico municipal e que hai un informe que acredita a infracción polo que se lle ordeou a

paralización inmediata, se incoou un expediente de reposición da legalidade urbanística e se lle otorgou un prazo de dez días para presentar a documentación correspondente do que receou alí e que estase dentro do prazo de audiencia e a partires de aí tomaranse4 medidas de reposición da legalidade ubanística.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e vinteún minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.